

ANUNCIO
DE LA CONSULTA PREVIA SOBRE LA PROPUESTA DE
ORDENANZA REGULADORA DE LOS PLANES PROVINCIALES
DE COOPERACIÓN A LAS OBRAS Y SERVICIOS DE
COMPETENCIA MUNICIPAL DE LA
DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Mediante Resolución de la Presidencia de esta Diputación número 39324 de 19 de octubre de 2023, de conformidad con lo previsto en el artículo 133.1 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, con el objetivo de mejorar la participación ciudadana en el procedimiento de elaboración de normas, se dispuso realizar, con carácter previo a la elaboración de un texto sobre el asunto de referencia, una consulta pública sobre la propuesta de Ordenanza reguladora de los Planes provinciales de cooperación a las obras y servicios de competencia municipal, previstos en el artículo 36 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local, a través de la Sede electrónica de esta Diputación Provincial, cuyo texto se transcribe al final de este anuncio.

Los ayuntamientos, ciudadanos, organizaciones y asociaciones que así lo consideren pueden hacer llegar sus opiniones sobre la propuesta durante el plazo de diez días natural que se contarán desde el día siguiente al de su publicación, a través del apartado Proyectos normativos del Portal de transparencia de la Sede electrónica de esta diputación. Solo serán consideradas las opiniones en las que el remitente esté identificado.

TEXTO DA PROPOSTA DE ORDENANZA

A Constitución española establece no seu artigo 141 que "a provincia é unha entidade local con personalidade xurídica propia, definida pola agrupación de municipios e división territorial para o cumprimento das actividades do Estado".

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, destaca no seu artigo 31 entre os fins propios e específicos da provincia o de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais no marco da política económica e social e, en particular, asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal e

participar na coordinación da Administración local coa da comunidade autónoma e a do Estado.

Ademais, o artigo 36 indica que son competencias propias da deputación as que lles atribuían as leis do Estado e das comunidades autónomas nos diferentes sectores da acción pública, e relaciona unha serie delas que o son en todo caso, entre as que destacan as previstas nos apartados a), b) e c), que son as seguintes:

a) a coordinación dos servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal

b) a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión

c) a prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal e o fomento ou, no seu caso, coordinación da prestación unificada de servizos dos municipios do seu respectivo ámbito territorial.

Engade o artigo 36 que para os efectos do disposto nas letras a), b) e c), a Deputación aproba anualmente un plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, en cuxa elaboración deben participar os municipios da provincia. O plan deberá conter unha memoria xustificativa dos seus obxectivos e dos criterios de distribución dos fondos, criterios que en todo caso han de ser obxectivos e equitativos, terán en conta a análise dos custos efectivos dos servizos dos municipios, e poderá financiarse con medios propios da Deputación ou entidade equivalente, as achegas municipais e as subvencións que acorden a comunidade autónoma e o Estado con cargo aos seus respectivos orzamentos.

O Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, dedica os seus artigos 32 ao 34 á regulación dos plans provinciais, especificando que os plans serán redactados e aprobados polas deputacións coa participación dos concellos, despois de dar participación ás administracións do Estado e da comunidade autónoma, e informe previo da Comisión Provincial de Colaboración coas Corporacións Locais, e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia para que poidan formularse alegacións e reclamacións sobre estes durante un prazo de dez días. Aclara que a súa execución correspóndelle á Deputación, sen prexuízo da posibilidade de que a asuman os municipios afectados, sempre que así o soliciten, e que as obras e adquisicións

efectuaranse polos procedementos sinalados na lexislación sobre contratación das entidades locais.

A Administración Xeral do Estado realizou achegas aos plans provinciais ata o ano 2011 incluído, polo que para regular a elaboración e aprobación dos plans e a forma de pago da achega do Estado aprobou sucesivamente varios reais decretos relativos aos plans provinciais. O derradeiro foi o Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais, modificado polo Real decreto 1263/2005, do 21 de outubro, e pola Orde 293/2006, do 31 de xaneiro, para o seu desenvolvemento e aplicación. Estas normas non foron expresamente derogadas, pero non se aplican desde o ano 2012 posto que a Administración Xeral do Estado deixou de realizar achegas estatais ao financiamento do plan, aínda que continúa dándose participación á Administración Xeral do Estado na elaboración das bases e na aprobación dos plans.

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, dedica aos plans provinciais os artigos 110 ao 112, na mesma liña que a lexislación estatal, engadindo que a Xunta de Galicia poderá condicionar a utilización ou emprego das súas subvencións, se existen, ao establecemento dos criterios e condicións que considere convenientes, pero en todo caso, para alcanzar unha eficaz coordinación dos investimentos públicos no territorio galego, os programas de cooperación económica coas entidades locais que elaboren as Deputacións provinciais, calquera que sexa a súa denominación e natureza, serán postos, antes da súa aprobación, en coñecemento da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local, que deberá emitir informe sobre os plans provinciais, de acordo co previsto no artigo 191.i) desa mesma norma. A Comunidade Autónoma Galega non realiza achegas aos plans provinciais, aínda que tamén se lle dá participación na elaboración das bases e na aprobación dos plans.

Por último, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, establece na súa disposición adicional oitava que as subvencións que integran o Programa de cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais, e as subvencións que integran plans ou instrumentos similares que teñan por obxecto levar a cabo funcións de asistencia e cooperación municipal, rexeranse pola súa normativa específica, resultando de aplicación supletoria as disposicións desta lei.

Esta Deputación Provincial da Coruña aproba anualmente as bases reguladoras dos plans provinciais de cooperación ás obras e servizos de

competencia municipal, que regulan polo miúdo os distintos aspectos da súa elaboración, aprobación e execución, como son o seu obxecto e finalidade, destinatarios, financiamento, criterios obxectivos de reparto, solicitudes, aprobación, contratación, execución, pago da achega provincial, e réxime sancionador, incluíndo como anexos os modelos dos principais documentos. As bases son aprobadas polo pleno da deputación, envíanse para informe á Administración Xeral do Estado e á Xunta de Galicia e sométense a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A Deputación da Coruña canaliza a través dos plans a maioría da cooperación cos concellos da provincia, co obxectivo de unificar neste instrumento moitos dos recursos provinciais destinados a este fin que, en definitiva, é unha das principais competencias da deputación.

Por todo o exposto, dada a importancia cuantitativa e cualitativa dos plans provinciais de cooperación cos concellos por ser o principal instrumento para canalizar unha das competencias nucleares da deputación, como é a asistencia e cooperación económica e técnica aos concellos da provincia, considérase conveniente a aprobación desta Ordenanza reguladora dos plans provinciais da Deputación Provincial da Coruña, na que se recollan os seus aspectos máis importantes e que sirva de marco para a elaboración das correspondentes bases reguladoras do plan de cada ano.

1.- CONCEPTO E DENOMINACIÓN

A presente Ordenanza ten por finalidade regular o "Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal" (en adiante Plan) que anualmente ten que aprobar esta Deputación Provincial da Coruña en colaboración cos concellos da provincia, de acordo co previsto no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigos 32 ao 34 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

O Plan poderá denominarse tamén "Plan de obras e servizos", "POS", "POS+", "Plan único", "Plan único de concellos", "Plan provincial", "Plan de cooperación", e outras denominacións, para destacar algún dos aspectos do Plan elaborado por esta deputación de acordo co previsto na citada Lei 7/1985 e no Real decreto lexislativo 781/1986.

Especificamente, cando se denomina "Plan complementario" indica que inclúe obras con carácter supletorio, condicionadas á existencia de financiamento; e cando se denomina "Plan adicional", faise referencia a que o Plan elabórase con fondos adicionais aos do plan anual, procedentes dunha maior achega

provincial ou doutras fontes de financiamento, e se destina preferentemente aos investimentos previstos no Plan complementario, aínda que tamén poden incluírse outros obxectos.

A presente Ordenanza servirá de marco para a elaboración das correspondentes bases reguladoras do plan de cada ano, que poderán contemplar aspectos específicos para adaptarse á situación socioeconómica e ás necesidades dos concellos no momento da redacción das ditas bases.

2.- FINALIDADE E OBXECTO

A finalidade do Plan é canalizar a cooperación económica cos concellos da provincia a través dun instrumento obxectivo e transparente, que poida adaptarse ás necesidades concretas dos concellos, que teña un obxecto amplo e flexible, que reforce a súa autonomía e responsabilidade, e que teña carácter dinámico para poder absorber incrementos da achega da deputación se os houbera.

Ademais, o Plan busca unificar a cooperación da deputación, reducir o número de plans evitando a súa dispersión en varias convocatorias, racionalizar e simplificar as tarefas administrativas dos concellos e facilitar a planificación da actividade do concello.

Os principais obxectos do Plan son os que a continuación se indican, que se concretarán nas correspondentes bases anuais, aínda que tamén poderían incluírse outros obxectos para dar resposta a necesidades concretas dos concellos ou á situación socioeconómica do momento da súa elaboración.

- Gasto corrente

O concello poderá destinar a achega provincial asignada ao financiamento dos seus gastos correntes durante o ano do Plan polos bens e servizos de competencia municipal obrigatorios, segundo se detalle nas correspondentes bases.

- Investimentos

O concello pode incluír no Plan todas as obras e subministracións que sexan de competencia municipal, con preferencia das asociadas aos servizos

obrigatorios, de acordo co establecido nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Non obstante, nas bases reguladoras do Plan poderán concretarse os requisitos específicos das obras ou subministracións que soliciten os concellos, como son ser dun tipo concreto de investimento, ter carácter de financeiramente sostible segundo se defina pola súa normativa específica, ou ter algunha característica que se xustifique polos obxectivos específicos do Plan.

3.- DESTINATARIOS

Con carácter xeral os destinatarios do Plan son os 93 concellos da provincia, aos que se lles asignan as cantidades que resultan da aplicación de criterios obxectivos.

Non obstante, nas bases do Plan poderían determinarse xustificadamente os destinatarios dalgún dos seus apartados, concretados de forma obxectiva en función da tipoloxía específica do obxecto ou das características do Plan ou polas circunstancias socioeconómicas ou de outra índole existentes no momento da súa aprobación.

4.- FINANCIAMENTO

No financiamento do Plan poderán participar, ademais desta deputación, os concellos da provincia de acordo co previsto nas súas bases reguladoras. Tamén poderían participar a Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia ou outros axentes se así o acordan, con cargo aos seus respectivos orzamentos.

As bases do Plan poderán prever unha achega inicial da deputación ao Plan, aínda que máis adiante poderán realizarse maiores achegas destinadas ao financiamento do Plan base ou plans adicionais.

A asignación de fondos aos concellos destinatarios do Plan realizarase de forma obxectiva e transparente e será o resultado de aplicar criterios obxectivos, aínda que tamén poden terse en conta para cada concello as achegas provinciais procedentes de anulacións de obras ou baixas de licitación ou outras economías de obras de plans de anos anteriores.

Os criterios obxectivos concretaranse nas bases, e serán cuantificables para a aplicación de fórmulas de reparto. Serán principalmente cota fixa, superficie, habitantes, esforzo fiscal, número de parroquias, indicadores de renda ou outros indicadores económicos para beneficiar especialmente aos concellos con menor capacidade económica, ou outros criterios, todos eles debidamente ponderados. Os seus datos actualizaranse periodicamente coa información obtida de fontes oficiais, e no caso dos concellos de gran poboación poderán terse en conta os datos referidos só a súa zona rural.

5.- SOLICITUDES

Os concellos presentarán as súas solicitudes, no prazo establecido nas bases do Plan, de forma telemática a través da plataforma desta deputación, o que producirá plenos efectos xurídicos. Para iso será imprescindible que dispoñan de sinatura electrónica a Alcaldía e o persoal funcionario que deba asinar documentos, así como a persoa designada como representante para o envío da solicitude ao Rexistro telemático.

O concello deberá presentar, por unha banda, a documentación xeral da solicitude e, por outra, a documentación específica que corresponda aos distintos obxectos incluídos na súa petición, segundo se detalla nas bases e empregando os modelos establecidos por esta deputación.

Entre a documentación xeral figurará a certificación do acordo do Pleno do concello polo que se dispoña participar no Plan, aceptar expresamente as bases e solicitar aplicar a achega provincial asignada ao financiamento dos posibles obxectos previstos nas bases, aínda que os municipios de gran poboación poderán adoptar o acordo polo órgano municipal que teña atribuída esta competencia.

Ademais, presentarán como documentación xeral unha memoria na que se describan os obxectivos que o concello pretende alcanzar e os criterios de selección, tendo en conta os déficits detectados na Enquisa de infraestrutura e equipamento local ou noutro documento similar, e que poderá conter unha análise da situación específica dalgún equipamento ou servizo do concello.

A documentación específica para solicitar o financiamento de investimentos no Plan incluirá o proxecto técnico da obra ou prego da subministración, así como diversos informes técnicos e xurídicos relativos ao investimento, todo iso segundo se detalla nas bases do Plan.

A documentación específica para solicitar o financiamento de gastos correntes no Plan incluirá unha previsión dos gastos correntes da anualidade asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios en cada concello segundo establecido na lexislación vixente e referidos aos conceptos de gastos concretos, todo iso segundo se detalla nas bases do Plan.

A documentación específica doutros posibles obxectos detallarase igualmente nas bases do Plan.

As solicitudes poderán incluír tanto un plan base cos obxectos que o concello solicita financiar con cargo a achega asignada, como un plan complementario, cos investimentos supletorios que, no caso de que máis adiante existira financiamento adecuado e suficiente para eles, poderían incluírse definitivamente nun plan adicional.

6.- APROBACIÓN DO PLAN

A documentación administrativa e técnica presentada polos concellos será revisada por esta deputación, que poderá realizar os requirimentos que estime necesarios para completar ou corrixir a documentación presentada.

Á vista das solicitudes presentadas, o Pleno desta deputación aprobará o Plan, que poderá estruturarse en distintos apartados segundo os tipos de achegas e obxectos incluídos, e incluír tanto un plan base coas actuacións aprobadas definitivamente, como un plan complementario con actuacións supletorias.

O Plan poderá aprobarse nunha ou varias fases, unha vez coñecidas as posibilidades de financiamento da deputación e poderá ser obxecto de axustes ou reprogramacións.

Unha vez aprobado o Plan, someterase á exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e será remitido a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais e da Subdelegación do Goberno, e para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, ou organismos que os substitúan.

No caso de presentarse no dito prazo algunha alegación, deberá ser resolta polo pleno desta deputación, pero transcorridos os dez días dende a solicitude de informe sen que se presentaran alegacións nin se emitiran informes, poderán proseguirse os trámites.

A aprobación definitiva do plan adicional que se poida elaborar máis adiante logo da confirmación da existencia de máis financiamento realizarase ou ben mediante Resolución da Presidencia cando unicamente se inclúan investimentos xa aprobados no plan complementario ao plan base, ou ben mediante acordo plenario cando sexan novas solicitudes, todo iso segundo se indique nas bases do plan.

7.- CONTRATACIÓN DOS INVESTIMENTOS

Con carácter xeral, os concellos contratarán os investimentos incluídos no Plan de acordo co previsto na normativa reguladora dos contratos do sector público vixente no seu momento, utilizando os pregos de cláusulas administrativas particulares aprobados por esta deputación.

Nas bases do Plan detallaranse os prazos e a documentación que os concellos teñen que presentar para xustificar a adxudicación realizada.

8.- EXECUCIÓN DOS INVESTIMENTOS

Os investimentos executaranse polos respectivos concellos con arranxo ao proxecto técnico da obra ou prego de prescricións da subministración. A súa dirección e execución realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que esta deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

Nas bases do Plan detallaranse os prazos e a documentación que os concellos teñen que presentar para xustificar a execución dos investimentos.

Desde o inicio das obras ata a súa recepción deberase cumprir con todos os requisitos de publicidade que figuren nas bases, o que se acreditará mediante o envío de fotografías, sendo este requisito indispensable para que esta deputación lle transfira ao concello o importe da achega provincial ao Plan, de acordo co previsto nas bases reguladoras do Plan.

O gasto corrente e outros posibles obxectos do Plan deberán cumprir así mesmo cos requisitos de publicidade que se indiquen nas bases.

9.- PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

O pago da achega da deputación aos concellos realizarase na forma que se indicará nas bases segundo os posibles obxectos do Plan. En todos os casos, a deputación verificará previamente de oficio que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa propia deputación.

10.- RÉXIME SANCIONADOR

O incumprimento do disposto nalgunha das bases reguladoras do Plan poderá dar lugar ao inicio de oficio dun expediente sancionador, segundo o previsto nas propias bases e na normativa reguladora das subvencións públicas.

11.- RÉXIME ORZAMENTARIO E CONTABLE

As aplicacións orzamentarias e o crédito destinado a financiar o plan provincial de obras e servizos de cada exercicio serán os que para ese efecto se aprobe nos orzamentos da Deputación Provincial da Coruña.

Os plans provinciais de obras e servizos poderán financiarse con medios propios da Deputación, coas achegas municipais e coas subvencións que acorden outras administracións públicas con cargo aos seus respectivos orzamentos.

Os actos ou acordos de aprobación inicial ou definitiva estarán condicionados á existencia de crédito adecuado e suficiente no estado de gastos dos orzamentos xerais da Deputación provincial ou nas súas modificacións, debidamente aprobados.

Con todo, poderán tramitarse estes actos ou acordos co carácter de “tramitación anticipada de gasto” cos requisitos e procedemento que determinen as bases de cada convocatoria. En calquera caso, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra a condición suspensiva de habilitación efectiva de dispoñibilidade dos créditos que para

cada exercicio autorice o orzamento vixente. En ningún caso poderá considerarse a xeración de ningún dereito a favor dos solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

En todo caso, resultará de aplicación a normativa orzamentaria e contable das entidades locais.

12.- ACTUACIÓNS DE CONTROL E FISCALIZACIÓN

Os actos de aprobación, tramitación e xestión dos plans provinciais de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal da Deputación Provincial da Coruña estarán sometidas ás actuacións de fiscalización e control interno que a normativa de aplicación lles atribúe aos titulares da función interventora nas entidades locais incluídas no plan correspondente, na Deputación Provincial da Coruña e naqueles entes públicos que colaboren co seu financiamento ou execución.

O control externo dos actos de aprobación, tramitación e xestión dos plans provinciais corresponderá ao Consello de Contas de Galicia, ao Tribunal de Contas de España e ao Tribunal de Contas Europeo se se inclúsen no seu financiamento fondos ou recursos da Unión Europea

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor logo da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das bases do réxime local, e logo que teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 desa lei.

A Coruña, a 19 de outubro de 2023